

ASUNTO: Procedemento de Panel Autonómico de Saídas do Comité Galego de Xuíces
PARA: Delegacións Territoriais FGA, Comités de Xuíces, Xuíces de paneis Saídas, e Xuíces interesados.

A continuación explícase o **Procedemento do Panel de Saídas do Comité Galego de Xuíces** que afecta a tódalas probas de atletismo que se desenvolvan en Galicia baixo a supervisión da Federación Galega de Atletismo ou Real Federación Española de Atletismo e que afecta a tódolos xuíces con licenza por Galicia, independentemente que pertencen a paneis nacionais de Saídas ou non.

A] REQUISITOS DE ACCESO Ó PANEL

Para acceder o Panel Autonómico de Saídas será imprescindible cumprir os seguintes requisitos:

- Ter licenza en vigor autonómica ou superior
- Ter participado no Seminario de Formación de Saídas organizado polo CGX.
- Ter superada unha proba teórica e de supostos prácticos relativos á regulamentación de saídas.
- Ter sido valorado positivamente na competición na que actúa como membro do equipo de saídas.
- Poderá valorarse o feito de que os xuíces avaliados actúen de xeito habitual como “xuíces de saídas” nas competicións que organiza a FGA nas súas delegacións.

B] ASPIRANTES

Os Aspirantes están pendentes da súa valoración en pista ou de realizar o curso de saídas para o seu ingreso no Panel Autonómico.

Os **Aspirantes pendentes de valoración en pista** deberán ser observados nunha competición oficial (onde participen atletas de categoría cadete ou superior) que se desenvolvan preferentemente en xornada de mañán e tarde, e onde se disputen suficientes carreiras con saída agachada. Para elo designarase por parte do Director de Reunión un Equipo de Saídas formado por 2 ó 3 xuíces aspirantes, actuando neste caso o Observador como Coordinador de Saídas e avaliando ós xuíces nas distintas funcións posibles dun equipo de saídas. Superada esta avaliación serán incluídos no Panel Autonómico de Saídas

Os **Aspirantes pendentes de realización do curso** (que xa foron avaliados en pista) unha vez realizado o curso serán incluídos no Panel Autonómico de Saídas.

O panel actualizarase cós cambios que se produzan e que serán comunicados polo Coordinador ó CGX.

C] CAUSAS DE BAIXA NO PANEL

As posibles causas de baixa no Panel Autonómico de Saídas son:

- Non ter licenza en vigor
- A petición propia
- Falta de actividade continuada sen motivo

Todos aqueles xuíces que sexan admitidos no Panel Autonómico de Saídas serán designados polo CGX para actuar como membros do Equipo de Saídas nos Campionatos Galegos que o CGX estime pertinentes.

Cando corresponda, se solicitará ó CNJ un Seminario para que os membros deste Panel Autonómico mellor valorados polo CGX e que cumpran os requisitos necesarios podan ser avaliados para un posible ascenso ó Panel Nacional B de Saídas.